



Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Literatura e Cultura	Código	613G01049		
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Ledo Martínez, Jorge	Correo electrónico	j.ledo@udc.es		
Profesorado	Ledo Martínez, Jorge	Correo electrónico	j.ledo@udc.es		
Web	https://coruna.academia.edu/JorgeLedo				
Descrición xeral	<p>Os vínculos entre dúas institucións como a literatura e a cultura abarcan un amplo abanico de relacións que van desde a canción de berce que escoita un neno no ventre da súa nai ata cuestións institucionais, mercantís e de identidade nacional e supranacional. Con todo, quizá sexa a lectura (auditiva ou visual), na súa aparente simplicidade, un dos lugares de encontro máis estimulantes para a análise das relacións entre literatura e cultura. A análise das prácticas lectoras non só alude ao predominio de certas formas de consumo cultural sobre outras, senón que incide en como os lectores reciben, interpretan, aceptan e rexeitan ideas, o efecto que pode exercer sobre os lectores un texto e as expectativas coas que estes se aproximan a aquel, como unha comunidade de sentido institúe lecturas rectas ou desviadas dos textos, etc.</p> <p>A multiplicidade de problemas que xurden dun feito tan aparentemente simple como alguén lendo ou escoitando un texto, levou a moitas disciplinas ?retórica, crítica textual, historia da literatura, teoría literaria, literatura comparada, historia do libro, historia social, antropoloxía, ciencias computacionais, psicoloxía, neuroloxía, etc.? a prestarlle unha cada vez maior atención á lectura como fenómeno merecedor de estudio. Como uso en declive ?e sobre isto discutírase ao longo das sesións?, incluso o «mundo da cultura» lanzouse a escribir manifestos acesos en defensa da lectura ou, mellor, de certo tipo da lectura que parece abocada a desaparecer.</p> <p>En suma, quen queira ocuparse da literatura e a cultura a través do prisma da práctica lectora, verase forzado non só a estudar o asunto desde unha perspectiva teórica, senón tamén histórica. Este curso é, xa que logo, a un tempo unha introdución aos cambios e as continuidades das prácticas, os códigos e os usos da lectura na cultura occidental e unha presentación dos distintos métodos de análises destes problemas e unha discusión sobre a validez destas propostas teóricas fronte aos novos retos expostos polo mundo dixital.</p>				

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A13	Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
A19	Dominar a gramática da lingua española.



A20	Coñecer a situación sociolingüística da lingua española.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.
A22	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua española.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
O alumno debe coñecer as linguas e literaturas castelá, galega, portuguesa e inglesa, así como posuír algúns coñecementos doutras linguas e culturas para poder investigar no campo da literatura comparada	A7		C1
	A13		C2
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A19		
	A20		
	A23		
O alumno debe ser capaz de aplicar a investigación en literatura comparada con la realidade de su ámbito vital, histórico y artístico	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C6
	A11	B4	C8
	A14	B5	
	A15	B6	
		B7	
		B8	
		B9	
		B10	



O alumno debe ser capaz de valorar a memoria sociohistórica e literaria da súa contorna vital e de poñela en relación con outros ámbitos distantes no tempo e no espazo para acadar unha interpretación universal dos casos de estudo comparado aos que se enfrenta	A11 A14	B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C6 C8
O alumno debe coñecer os principios da Semiótica da Cultura e teorías afíns que insiren os estudos literarios nun ámbito superior e complexo como é o da cultura	A1 A2 A3 A11 A15 A21 A22 A23	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B10	C1 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A lectura como problema teórico. I. Lectura, análise literaria e campos afíns	
2. A lectura como problema histórico. I. A lectura no mundo clásico	
3. A lectura como problema histórico. II. A Idade Media	
4. A lectura como problema histórico. III. A Galaxia Gutenberg	
5. A lectura como problema histórico. IV. Lectura e modernidad	
6. A lectura como problema teórico. II. Apocalípticos e integrados	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A7 A11 B3 B5 B8 C1 C6	12	24	36
Presentación oral	A15 B2 B4 B5 B6 B8 C1 C2 C6	4	8	12
Estudo de casos	A2 A7 A13 A14	3	6	9
Análise de fontes documentais	A3 A7 A11 A14 A23 B3 B4 B5 C1 C6	4	22	26
Obradoiro	A1 A2 A3 A7 A11 A23 B3 B4 B5 C1 C6	2	2	4
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A11 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	2	1.5	3.5



Traballos tutelados	A1 A2 A3 A7 A11 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C2 C6 C8	4	16	20
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O docente explicará na aula os contidos principais da materia. Inclúense dúas sesións máis sobre a orientación teórica do método chamado "estudo de caso", que servirán como introdución á práctica comparatista.
Presentación oral	Os alumnos presentarán na aula os traballos realizados
Estudo de casos	Os alumnos estudarán algún aspecto relevante da historia da lectura ben a través dun corpus histórico da súa elección, ben a través dun conxunto de textos teóricos.
Análise de fontes documentais	Realizar procuras bibliográficas a través da biblioteca e da rede, buscar fontes documentais pertinentes para o tema proposto.
Obradoiro	Traballo na aula, seguido e orientado polo docente
Aprendizaxe colaborativa	O método de traballo na aula conleva ese tipo de aprendizaxe
Traballos tutelados	Os estudantes realizarán na aula e fóra dela, como tarefa autónoma, un traballo no que irán aplicando o aprendido durante o curso, valorando o que é cientificamente pertinente en manexando a tecnoloxía necesaria para ordenar a información.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O profesor atenderá en horario de titorías aos estudantes. Ditas titorías poderán ser en persoa ou a través de videotutorías (Teams).

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A7 A11 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C2 C6 C8	Valorarase a elaboración continuada do traballo, a comunicación ao docente das dificultades e avances ao longo do proceso, o uso de axeitadas fontes de documentación e o tratamento coherente da información.	50
Presentación oral	A15 B2 B4 B5 B6 B8 C1 C2 C6	Presentarase na aula o resultado do traballo realizado, explicando o proceso de realización e os aspectos relevantes.	30
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A7 A11 B3 B5 B8 C1 C6	Valorarase a asistencia, atención e participación nestas clases.	20

Observacións avaliación



Na aula, na primeira sesión do curso, especificaranse os pormenores para a realización do traballo tutelado. A presentación oral do traballo ?duración, ferramentas empregadas, obxectivos? realizarase na sesión correspondente. Os plaxios detectados con calquera aplicación informática da UDC ou polo mesmo profesor, conlevarán unha cualificación de 0,00 inapelable.

A proba da primeira oportunidade consistirá na entrega deste traballo tutelado, adecuadamente deseñado e impreso. Se o traballo non se entrega, o alumno será cualificado cun NON PRESENTADO.

Na segunda oportunidade, a proba consistirá na entrega dese traballo tutelado.

O estudante que se presente á convocatoria adiantada (en decembro), deberá axustarse ás normas que rexen para a 2ª oportunidade (a de xullo).

Ao principio de curso entregarase aos estudantes un barreno pomenorizado de que será tido en conta na avaliación do traballo: coherencia, corrección, estrutura, ortografía, etc.

Os alumnos con exención de asistencia, por razóns laborais ou doutra índole, deberán poñerse en contacto co docente ao comezo do curso ?non máis tarde? para a organización da súa docencia. Programaranse titorías presenciais e non presenciais para cursar satisfactoriamente a materia.

Plaxio

Calquera falta de honradez académica (plaxio, é dicir, utilización de textos ou ideas doutros autores sin indicar a procedencia, copiar traballos, copiar nos exames, ou outras formas) penalizarase coa aplicación do establecido na normativa académica. Compre sinalar que a Xunta de Facultade aprobou o uso da aplicación "Turnitin" por parte do profesorado. Esta ferramenta permite detectar textos ou porcións procedentes doutros textos e sinalar a súa procedencia. Pode recoñecer traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades.

Atención á diversidade

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía: pat.filoloxia[at]udc.gal.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - VV. AA. (2011). Historia de la lectura en el mundo occidental. Madrid: Taurus - Frederick G. Kilgour (1998). The Evolution of the Book. New York, Oxford: Oxford University Press <p>Engádense a continuación outras historias da lectura e do libro que poderían ser de utilidade para complementar os contidos dos dous manuais recomendados arriba. Dado que se trata dun tema amplo, a bibliografía específica para cada un dos períodos históricos contemplados darase ao principio de cada un dos temas, e orientarase aos alumnos para elaboraren unha bibliografía propia para a redacción dos seus traballos.</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Lucien Febvre, Henri-Jean Martin (2005). La aparición del libro. México: Fondo de Cultura Económica - Steven Roger Fischer (2004). A History of Reading. London: Reaction Books - E. A. Havelock (1996). La musa aprende a escribir. Reflexiones sobre oralidad y escritura desde la Antigüedad hasta el presente. Barcelona: Paidós - Karin Littau (2006). Theories of Reading: Books, Bodies, and Bibliomania. Cambridge: Polity Press - Alberto Manguel (2006). Una historia de la lectura. Barcelona: Lumen (tamén en Madrid: Alianza) - Leighton D. Reynolds; Nigel G. Wilson (1995). Copistas y filólogos. Las vías de transmisión de las literaturas griega y latina. Madrid: Gredos

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

É **extremadamente importante** que os alumnos asistan á primeira sesión do curso para entender cal será o funcionamento das sesións. En caso de ser isto imposible, ínstaselles a que accedan ao sitio de [Teams](#) para poder acceder a un resumo da mesma.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías